



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASUNTO: DECRETO SERVIZOS ESENCIAIS DURANTE A FOLGA DE NOS CENTROS DE EDUCACION INFANTIL 0-3 DO DIA 7 DE MAIO DE 2026 EN XORNADA COMPLETA

EXPEDIENTE: 2026/X999/000132

O dereito á folga, é un dereito fundamental, de xeito tal que a limitación ou restrición do mesmo ha de vir determinada por unha estrita observancia do principio de proporcionalidade, de xeito que o establecemento dos servizos mínimos permita o exercicio do dereito sen ao mesmo tempo supoñer un menoscabo desproporcionado dun servizo público de carácter esencial, e que, como é presente caso, presenta tamén un carácter especialmente sensible, tanto polas necesidades dos usuarios, como polos servizos a prestar.

O servizo da escola infantil é esencial para que moitas familias poidan conciliar a súa vida persoal e laboral sen ter que deixar os seus fillos e fillas a cargo da rede familiar ou social de apoio que, na meirande parte das ocasións, está constituída por persoas maiores de especial vulnerabilidade.

Vista a convocatoria de folga convocada polas organizacións sindicais Federación de Enseñanza de Comisiones Obreras e a Confederación General de Trabajo (CGT).

Visto o informe da Educadora Familiar do Concello de data 06/05/2026.

En base ao anterior, e en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, RESOLVO:

Primeiro.- Entender por servizos mínimos os servizos os recollidos na Orde do 4 de maio de 2026 publicados no DOGA.

Segundo.- Acordar como servizos mínimos durante a vixencia da Folga que se recollen no informe da Educadora Familiar do Concello de data 06/05/2026.

Terceiro.- Trasladar á empresa adxudicataria do servizo.

Cuarto.- Publicar na sede electrónica para o seu xeral coñecemento.

Cabana de Bergantiños, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

**Dou fe,
A SECRETARIA**

Ana Maria Reyes Cambre